

CHAVELA

[Catherine Gund, Daresha Kyi, 2017]

246

ESTREA EN NUMAX: 16.06.2017 | V.O.S.E.

Chavela (2017, 90')

Dirección: Catherine Gund, Daresha Kyi

Participación: Chavela Vargas, Pedro Almodóvar, Elena Benarroch, Miguel Bosé, Jose Alfredo Jimenez Jr., Alicia Elena Pérez Duarte, Liliana Felipe, Martirio, Patria Jiménez Flores

Son: Neil Cedar, Kurt Cruz

Montaxe: Carla Gutiérrez

Fotografía: Natalia Cuevas, Catherine Gund, Paula Gutiérrez Orio

Música: Gil Talmi

Produtoras: Aubin Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Syldavia Cinema

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés, español

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2017 (Segundo posto no premio do público, nomeado ao mellor documental)

FILMOGRAFÍA CATHERINE GUND

Dispatches from Cleveland, 2017

Born to Fly: Elizabeth Streb

vs. Gravity, 2014

FILMOGRAFÍA DARESHA KYI

Land Were My Fathers Died, 1991

[curtametraxe]

The Thinnest Line, 1988

[curtametraxe]

SINOPSE

A cantante Chavela Vargas gañou un nome por si mesma primeiro en México e máis tarde en todo o mundo principalmente pola súa interpretación de rancheiras tradicionais. Estas cancións eran compostas principalmente por homes e na súa maioría falaban de amor non correspondido polas mulleres, o cansazo do mundo e a soidade. Chavela interpretábaas co seu propia ritmo e a súa voz áspera e vulnerábel.

«Rara vez os filmes sobre a expresión dunha agonía resultan tan inspiradores»

Jonathan Romney, SCREENDAILY



“Chavela converteu cancións tradicionais en vestixios únicos de identidade”

Entrevista a Catherine Gund
Por José Manuel Cruz

Poderíamos falar da xénese deste documental? A morte estivo preto de min durante os duros anos da SIDA. Era 1991. Cando perdín ao meu mellor amigo voei a Cidade de México e acabei por ficar alí uns meses. Levaba unha vella e gran videocámara Hi8 de maneira que se converteu nun costume gravar manifestacións na rúa e intras cotiás na vida do meu colectivo, nun esforzo por crear o noso propio imaxinario desde o momento en que estabamos a ser marxinaados e difamados polo mainstream. A través das nosas cámaras tiñamos que nos representar —ás persoas homosexuais, de cor, con SIDA— en toda a nosa beleza e con todo o noso brillo emocional. Atopar e gravar a Chavela xurdiu dentro do mesmo impulso. Ela era moi descoñecida nese intre, aos seus 71 anos, tamén era homosexual e tamén estaba marxinaada e difamada.

Os meus novos amigos sabían que ela estaba a loitar contra o alcolismo, que rachara recentemente coa súa amante e estaba a pasar por uns momentos duros. Naquela época, os colectivos

feministas e de mulleres lesbianas en México eran bastante pequenos e non sentían que Chavela tivese recibido a honra que merecía. Parecía que estivese a navegar cara á Historia como unha cantante de segunda fila, unha teloneira, unha acompañante, non como unha estrela. Porén, sabían que ela nunca tivera medo e venerábase por iso. Tiñase mantido na súa verdade, nunca mudou os pronomes das cancións que os homes tradicionalmente cantaban ás mulleres. Amaban a súa música e a súa valentía. Ela nunca finxiu ser heterosexual. Nunca casou cun home. Sempre foi ela mesma, desde o principio.

Foi un milagre conseguir a entrevista con Chavela. Ela convidounos á súa casa en Ahuatepec. Falou con nós durante horas, como nunca tiña feito con descoñecidos. Falou sobre cousas persoais, sobre o feito de atopar un amor e perdelo, a súa loita por ser recoñecida polo seu talento e xenerosidade, a súa completa entrega emocional a través da súa voz. Nós sabíamos que era a oportunidade para compartir a súa historia cun público tan amplo. Mais non sabíamos que a súa historia era só a metade do camiño que tiña por percorrer.

Cales son os principais rasgos de personalidade de Chavela que a converten nunha personaxe tan poderosa? Chavela tiña a súa personalidade e ela mantívose sempre firme na súa verdade. Loitou e sufriu mais ela sempre combateu os seus demos e nunca se agochou de si mesma. Moitas lesbianas, a mediados do século pasado,

casaban e simulaban ser heterosexuais, forzándose a si propias a conformar a súa imaxe segundo os cánones ortodoxos da feminidade. Chavela canalizou audazmente a historia da súa vida a través da súa voz. Converteu cancións tradicionais, cantadas por miles de homes, en vestixios únicos de identidade, en testemuños persoais dunha vida singular. Nós tentamos reflectir esa elección á hora de facermos o filme, para permitir que as cancións que ela elixira narraran a súa historia vital. Trátase dunha vida improvisada e, á vez, manifestada dunha maneira moi auténtica e nosotras tiñamos que seguir o seu exemplo.

Todo isto fíxoa moi sexy. Ou, se cadra, nada a fixo e, simplemente, ela era a sí e non soubemos atopar palabras para describila. Pero era un personaxe moi poderoso porque era irresistible e desexábel. E ela sabíao. Podémolo chamar carisma ou como máis nos guste, mais era sedutora e tentadora. Non se pode conseguir un personaxe mellor para un documental porque ela era un descubrimento. Como espectadoras, nosotras recibimos unha inxección de adrenalina só con atopala, aprender dela, sentir o seu empuxe. Adicionalmente, Chavela tivo unha voz asombrosa, a súa arte esixe que aqueles que a escoiten se vexan transformados. A nosa exposición a ela cambiounos. Para sempre.

Publicado en www.moonmagazine.info/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

